

## Xestión Económica e financeira. Código exame: 222

O orzamento da USC para o exercicio 2024 apróbase o 1 de marzo de 2024. No orzamento 2024 están incluídas as seguintes partidas para gastos do Museo de Historia Natural (código orgánico 7050):

Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos

7050-4000-22000-Gastos correntes-50.000,00

Capítulo IV: Transferencias correntes

7050-4000-41000 Transferencias correntes 1.000.000,00

Capítulo VI: Investimentos reais

7050-4000-62600-Equipamento-22.000,00

No mes de abril apréciase a necesidade de mercar andeis para as novas adquisicións do museo. O valor estimado desta adquisición é de 25.000,00 euros IVE non incluído. O contrato é adxudicado á empresa Mobiliario, S.A. e publicado no Perfil do contratante da USC.

1. Que supón a non aprobación do orzamento antes do 1 de xaneiro de 2024?
  - a) A prórroga automática do orzamento do ano anterior
  - b) A obriga de aprobar o novo orzamento no primeiro trimestre do novo exercicio económico
  - c) A prohibición de executar gastos máis ala dos correspondentes a gastos de persoal e gastos correntes imprescindibles para o funcionamento
2. Como debe ser o orzamento da universidade segundo o artigo 170 dos seus Estatutos?
  - a) Público e equilibrado
  - b) Público, único e equilibrado
  - c) Único, equilibrado e privado
3. Segundo o establecido nos Estatutos da USC, a competencia para aprobar o orzamento da USC corresponde á:
  - a) Consello da Xunta de Galicia
  - b) Consello Social da USC
  - c) Consello de Goberno da USC
4. Indica cal das seguintes afirmacións é correcta:
  - a) O estado de gastos atenderá ás clasificacións orgánica e económica
  - b) O estado de ingresos atenderá ás clasificacións orgánica, económica e funcional
  - c) O estado de gastos atenderá ás clasificacións orgánica, económica e funcional
5. Cal destes recursos non figura no estado de ingresos da USC?
  - a) Taxas e prezos públicos
  - b) Subvencións e doazóns
  - c) Xuros
6. Que fase de execución do orzamento de gastos correspondería contabilizar coa sinatura do contrato?
  - a) Fase de recoñecemento da obriga, porque a prestación está realizada e xustificada adecuadamente
  - b) Fase de autorización de gasto, porque se coñece o importe aproximado do contrato
  - c) Fase de disposición de gasto, porque se coñece o importe certo do contrato e a identidade do provedor

7. En que capítulo deberemos imputar a compra dos andeis?
- Capítulo IV, transferencias correntes
  - Capítulo II, gastos correntes
  - Capítulo VI, investimentos reais
8. No caso de non ser suficiente o crédito na partida orzamentaria para a adquisición de andeis, que modificación orzamentaria procedería:
- Crédito ampliable
  - Transferencia de crédito
  - Xeración de crédito
9. Conforme o establecido nos Estatutos da USC, que órgano é competente para autorizar unha transferencia de crédito do capítulo II ao VI?
- O reitor
  - Consello de Goberno
  - Consello Social
10. Que tipo de contrato administrativo é a adquisición de andeis?
- Contrato de obras
  - Contrato de subministracións
  - Contrato de servizos
11. Que procedemento de adxudicación procede no contrato de adquisición de andeis?
- Procedemento aberto
  - Contrato menor
  - Contrato privado
12. O proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, remitirase ao Parlamento de Galicia antes de:
- O 31 de decembro
  - O 30 de novembro
  - O 20 de outubro
13. Que tipo de recurso en vía administrativa procede interpoñer ante o acordo de aprobación do orzamento?
- Ningún tipo de recurso xa que esgota a vía administrativa
  - Recurso de alzada ante o Consello de Goberno
  - Recurso potestativo de reposición
14. No mes de marzo o Museo de Historia Natural incrementa o seu orzamento cun ingreso realizado pola Xunta de Galicia, trátase dunha subvención do ano 2024 cuxo ingreso non está previsto no orzamento aprobado. Neste caso, que tipo de modificación orzamentaria procede?
- Incorporación de crédito
  - Crédito extraordinario
  - Xeración de crédito

15. Cal sería unha causa de abstención dun membro da Mesa de Contratación:
- a) Ter parentesco de afinidade en terceiro grao do titular dunha empresa presentada nunha licitación pública
  - b) Non hai causas de abstención entre os membros dun órgano colexiado
  - c) Ser administrador dunha empresa que se presenta a unha licitación pública

## **PREGUNTAS RESERVA:**

16. Non estarán integrados nos Orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia:
- a) Os orzamentos dos organismos autónomos
  - b) Os orzamentos das universidades galegas
  - c) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas
17. Na Universidade de Santiago de Compostela a que órgano lle corresponde a aprobación dunha xeración de crédito:
- a) O Consello Social
  - b) O Reitor
  - c) O Consello de Goberno
18. A Xunta de Galicia poderá, de forma excepcional, conceder anticipos de Tesourería para atender gastos inaprazables ata:
- a) Un límite do 5 por 100 dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma nos casos previstos no artigo 63 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
  - b) Un límite do 2 por 100 dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma nos casos previstos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia
  - c) Un límite do 10 por 100 dos créditos autorizados pola Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma nos casos previstos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia

## Recursos humanos. Código exame: 333

M.F.G. é funcionaria de carreira da USC da escala administrativa desde o ano 2007. No ano 2021, participou nun concurso ordinario convocado por resolución da Xerencia, no que obtivo na fase de resultas a xefatura de negociado de Xustificación da Subárea de Xestión Económica da Investigación no Campus de Santiago de Compostela.

Uns meses despois de incorporarse ao dito posto, solicitou por motivos de saúde a adscrición provisoria noutro posto. Tramitado o procedemento pertinente, foi adscrita provisoriamente a un posto base da Unidade de Xestión Académica (UXA) de Lugo.

1. De conformidade co artigo 88 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a convocatoria do concurso ordinario ao que concorreu M.F.G. debe publicarse:

- a) No diario oficial correspondente polo órgano competente para efectuar as adxudicacións dos postos
- b) Na páxina de web do órgano competente da súa resolución.
- c) No diario da provincia onde estea adscrito o domicilio social da entidade convocante.

2. No caso de que o concurso convocado fora un concurso específico, que requisitos debería cumprir, segundo o establecido no artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, M.F.G. para poder participar:

- a) Posuír unha antigüidade mínima de tres anos como funcionaria e, no caso de ocupar con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso, permanecer nel un mínimo de seis meses.
- b) Posuír unha antigüidade mínima de cinco anos como funcionario de carreira e, no caso de ocupar con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso, permanecer nel un mínimo de seis meses.
- c) Posuír unha antigüidade mínima de tres anos como funcionario de carreira e, no caso de ocupar con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso, permanecer nel un mínimo de seis meses.

3. Segundo establece o artigo 38 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo sinalarán expresamente os postos abertos á provisión por persoal funcionario ou laboral procedente doutras administracións públicas, os cales non poderán superar a porcentaxe do:

- a) 5%
- b) 7%
- c) 10%

4. Tendo en conta que M.F.G. foi adscrita provisoriamente a un posto base da UXA de Lugo por motivos de saúde, ao abeiro do artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no vindeiro concurso de provisión, para postos axeitados ao seu corpo ou escala, que se convoque:

- a) Ten que solicitar todos os postos da mesma escala e corpo, independentemente da localidade na que se atopen
- b) Ten que solicitar todos os postos do Campus de Lugo
- c) Ten que solicitar soamente os postos da localidade onde estea situado o último posto que obtivo con destino definitivo no anterior concurso.

5. Segundo recolle o artigo 3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia a inamabilidade na condición de funcionario/a é a garantía:

- a) Da eficacia no desempeño das funcións encomendadas aos empregados públicos
- b) Da obxectividade, profesionalidade e imparcialidade no servizo.
- c) Do correcto servizo á cidadanía e aos intereses xerais.

6. No concurso ordinario do ano 2021, no que M.F.G obtivo a xefatura de negociado de Xustificación da Subárea de Xestión Económica da Investigación no Campus de Santiago de Compostela, E.E.E. non está de acordo co baremo publicado na convocatoria. Que recurso en vía administrativa pode interpoñer contra ela?

- a) Recurso de alzada
- b) Recurso potestativo de reposición
- c) Recurso contencioso-administrativo

7. Tendo en conta a pregunta anterior, cal é o prazo de interposición de dito recurso en vía administrativa:

- a) 1 mes
- b) 2 meses
- c) 3 meses

8. A comisión de valoración do concurso ordinario está composto por 5 membros, incluída a presidencia e a secretaría. Para a súa constitución, segundo o artigo 17 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

- a) Requirirá a asistencia, presencial ou a distancia, do/a presidente/a e secretaria/o ou no seu caso, de quen lles substitúan, e a da totalidade dos seus membros
- b) Requirirá a asistencia, presencial ou a distancia, do/a presidente/a e secretaria/o ou no seu caso, de quen lles substitúan, e a da metade dos seus membros
- c) Requirirá a asistencia, presencial ou a distancia, do/a presidente/a e secretaria/o ou, no seu caso, de quen lles substitúan, e a da maioría dos seus membros

9. Os acordos da Comisión de Valoración serán adoptados:

- a) Por maioría de votos
- b) Por unanimidade dos votos
- c) Ningunha das anteriores é correcta.

10. Cando se asista a distancia nas sesións da Comisión de Valoración, os acordos se entenderán adoptados:

- a) No lugar onde teña a sede o órgano colexiado ou, no seu defecto, onde estea ubicada a secretaría.
- b) No lugar onde teña a sede o órgano colexiado ou, no seu defecto, onde estea ubicada a presidencia.
- c) No lugar onde teña a sede o órgano colexiado ou, no seu defecto, onde estea ubicada a maioría dos membros.

11. Segundo o artigo 50 da Lei 7/2023, de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia as Universidades públicas deben:

- a) Garantir que, nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académico-profesional en que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, sen impacto negativo para a persoa interesada, aqueles períodos de tempo dedicados ao goce de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, ao parto ou á lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo.
- b) Garantir que, nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académico-profesional en que se consideren intervalos temporais, resulten excluídos, con impacto negativo para a persoa interesada, aqueles períodos de tempo dedicados ao goce de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, ao parto ou á lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo.
- c) Garantir que, nos procesos de selección e/ou avaliación da traxectoria académico-profesional en que se consideren intervalos temporais, resulten incluídos, sen impacto negativo para a persoa interesada, aqueles períodos de tempo dedicados ao goce de permisos de nacemento de fillo ou filla, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación natural e incapacidade temporal asociada ao embarazo, ao parto ou á lactación natural, ou por razóns de violencia de xénero ou de calquera tipo de acoso no traballo.

12. A Universidade de Santiago de Compostela, ao abeiro do o artigo 50.2, b) da Lei 7/2023, de igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia debe:

- a) Promover a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións, nas comisións de selección e avaliación e nos comités de persoas expertas.
- b) Fomentar a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións, nas comisións de selección e avaliación e nos comités de persoas expertas.
- c) Garantir a participación equilibrada de mulleres e homes en todos os órganos colexiados e na toma de decisións, nas comisións de selección e avaliación e nos comités de persoas expertas.

13. Ante a baixa por IT do seu responsable a M.F.G. asígnanselle temporalmente funcións como xefa de sección, segundo o establecido no artigo 37 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a duración desta asignación será de:

- a) Seis meses.
- b) Seis meses prorrogables por outros seis.
- c) O tempo imprescindible e, en todo caso, por un período máximo de seis meses.

14. Cal dos seguintes non é un dereito individual de M.F.G. segundo o artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) A inamabilidade no posto de traballo
- b) A progresión na carreira profesional e a promoción interna.
- c) Ningunha é correcta

15. Na súa actuación como empregada pública dona M.F.G. deberá cumprir cos seguintes deberes segundo se recolle no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:

- a) Gardar segredo sobre as materias reservadas e as demais de difusión prohibida legalmente e manter a debida discreción sobre aqueles asuntos que coñezan por razón do seu cargo.

- b) Absterse de realizar toda actividade privada que poida supoñer un risco de xerar conflitos de intereses co seu posto público
- c) Obedecer diligentemente as instrucións e ordes profesionais de calquera empregado público cun rango superior ao seu resolvendo, no seu caso, os procedementos ou expedientes da súa competencia dentro do prazo e cumprindo a xornada e horario establecidos.

## **PREGUNTAS DE RESERVA**

16. A remoción do posto de traballo obtido por concurso por dona M.F.G.
- a) Poderá realizarse discrecionalmente pola autoridade que realizou o nomeamento.
  - b) Abonda con que exista unha resolución motivada que determine a perda do posto de traballo
  - c) Efectuarase, en todo caso, mediante resolución motivada e, en determinados casos, será preciso a instrución dun expediente contradictorio, oído o órgano de representación do persoal.
17. O servizo á cidadanía e aos intereses xerais, o sometemento pleno á lei e ao dereito son:
- a) Principios informadores recollidos no artigo 3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
  - b) Dereitos individuais recollidos no artigo 71 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
  - c) Deberes e código de conduta recollidos no artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia
18. Segundo recolle o artigo 43 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as agrupacións profesionais do persoal funcionario da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:
- a) Non existen as agrupacións profesionais
  - b) Integra o persoal funcionario seleccionado sen a esixencia de estar en posesión de ningunha das titulacións previstas no sistema educativo
  - c) Ningunha é correcta

## Organización e Xestión universitaria. Código exame: 444

A.A. nunca accedeu á universidade porque empezou a traballar nunha xestoría desde moi nova. Agora, con 35 anos, A.A. proponse acceder ao Grao en Administración e Dirección de Empresas co obxectivo de promocionar profesionalmente. Nesta situación, xórdenlle unha serie de cuestións.

1. A.A. pregúntase como se estruturan os títulos oficiais impartidos polas universidades públicas:

- a) En Grao, Máster, Doutoramento e Cuarto Ciclo.
- b) En Grao, Máster e Doutoramento.
- c) En Grao, Máster, Doutoramento e Estudos Propios.

2. A A.A. xórdenlle dúbidas sobre como acceder á universidade. Segundo o Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de Grao, cal dos seguintes non é un procedemento específico de acceso e admisión?

- a) Acceso para maiores de 45 anos.
- b) Acceso aos ensinos universitarios de grao para maiores de 25 anos.
- c) Acceso mediante acreditación de experiencia laboral ou profesional para menores de 40 anos.

3. A.A. non ten claro que é un crédito. Segundo o Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, cal é o número mínimo e máximo de horas de traballo que conforman un crédito?

- a) O número mínimo de horas, por crédito, será de 25, e o número máximo, de 30.
- b) O número mínimo de horas, por crédito, será de 30, e o número máximo, de 40.
- c) O número mínimo de horas, por crédito, será de 25, e o número máximo, de 40.

4. En canto a como se cualificarán os resultados que obteña A.A., o Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, establece que os resultados obtidos polo alumno en cada unha das materias do plan de estudos cualificaranse en función da seguinte escala numérica de 0 a 10, con expresión dun decimal:

- a) Suspenso (de 0 a 4,9); Aprobado (de 5,0 a 5,9); Bien (de 6,0 a 6,9); Notable (de 7,0 a 8,9) e Sobresaliente (de 9,0 a 10) .
- b) Suspenso (de 0 a 4,9); Aprobado (de 5,0 a 6,9); Notable (de 7,0 a 8,9) e Sobresaliente (de 9,0 a 10).
- c) Suspenso (de 0 a 4,9); Aprobado (de 5,0 a 6,9); Notable (de 7,0 a 8,9); Sobresaliente (de 9,0 a 9,9) e Matrícula de Honra (10).

5. A.A. pregúntase se a súa experiencia profesional se tería en conta. O Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece que o volume de créditos recoñecibles a partir da experiencia profesional ou laboral non poderá superar globalmente o:

- a) 15% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- b) 30% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.
- c) 20% do total de créditos que configuran o plan de estudos do título que se pretende obter.



N.N. acaba de superar o grao en Matemáticas e non ten claro cales son os pasos que ten dar en canto á solicitude do seu título e do Suplemento Europeo ao Título. Así mesmo, propónse completar a súa formación pero non está seguro de se quere acceder a outro grao pola cota de titulados, ou realizar un Máster, ou dedicarse á docencia na universidade. Tendo en conta estas dúbidas que se plantexa N.N., responda as cuestións seguintes:

6. O Suplemento Europeo ao Título (SET) é o documento que acompañará:
  - a) Exclusivamente aos títulos universitarios oficiais de Grao.
  - b) Aos títulos universitarios oficiais de Grao, Máster ou Doutoramento.
  - c) Aos títulos universitarios oficiais de Grao, Máster, Doutoramento ou Títulos Propios establecidos polas universidades.
  
7. A expedición do Suplemento Europeo ao Título dun título universitario oficial de grao:
  - a) Terá sempre carácter gratuíto.
  - b) Será gratuíta a primeira expedición.
  - c) Terá sempre carácter oneroso.
  
8. O Real Decreto 412/2014, de 6 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión aos ensinos universitarios oficiais de Grao, establece que o número de prazas reservadas a estudantes que xa estean en posesión dunha titulación universitaria oficial ou equivalente:
  - a) Non poderá ser inferior ao 1 por 100 nin superior ao 3 por 100.
  - b) Non poderá ser inferior ao 1 por 100 nin superior ao 4 por 100.
  - c) Non poderá ser inferior ao 1 por 100 nin superior ao 5 por 100.
  
9. Que estudos se corresponden coa seguinte definición: «formación avanzada, de carácter especializado tematicamente ou multidisciplinar nos saberes científico, tecnolóxico, humanístico e artístico, dirixida á especialización académica e á profesional, ou no seu caso, encamiñada á aprendizaxe das actividades investigadoras»?
  - a) Estudos de Grao.
  - b) Estudos de Doutoramento.
  - c) Estudos de Máster universitario.
  
10. O profesorado universitario funcionario pertencerá aos seguintes corpos docentes:
  - a) Catedráticas e catedráticos de Universidade e profesoras e profesores titulares de Universidade.
  - b) Catedráticas e catedráticos de Universidade, profesoras e profesores titulares de Universidade, profesoras e profesores axudantes doutoras/es.
  - c) Catedráticas e catedráticos de Universidade, profesoras e profesores titulares de Universidade, profesoras e profesores axudantes doutoras/es, profesoras e profesores asociadas/os

A L.T. non lle conceden a matrícula de honra nunha materia na que estaba convencido que a obtería. Doutra banda, en relación cunha solicitude que presentou no seu día e que tivo que emendar, acábanlle de notificar unha resolución reitoral pola que se lle denega o solicitado. Por último, está a pensar en estudar un título de nova creación na Universidade de Santiago de Compostela. Responda ás seguintes cuestións:

11. Segundo o Real Decreto 1125/2003, de 5 de setembro, polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, o número de matrículas de honra que se outorguen non poderán exceder:

- a) Do 1% dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico.
- b) Do 10% dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico.
- c) Do 5% dos alumnos matriculados nunha materia no correspondente curso académico.

12. Desde o momento no que se produza a publicación oficial dun novo título universitario, a Universidade de Santiago de Compostela disporá dun máximo de:

- a) Tres cursos académicos para implantar e iniciar a docencia do título.
- b) Cinco cursos académicos para implantar e iniciar a docencia do título.
- c) Dous cursos académicos para implantar e iniciar a docencia do título.

13. De que prazo dispuxo L.T. para poder emendar a súa solicitude, tras recibir a notificación electrónica de emenda?

- a) 10 días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acceso ao contido da notificación, a condición de que o devandito acceso se produza antes de que transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación.
- b) 10 días naturais a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acceso ao contido da notificación, a condición de que o devandito acceso se produza antes de que transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación.
- c) 10 días hábiles a contar desde o día seguinte a aquel no que se produza o acceso ao contido da notificación, a condición de que o devandito acceso se produza antes de que transcorran 10 días hábiles desde a posta a disposición da notificación.

14. Que resolucións poñen fin á vía administrativa de acordo co artigo 38.4 da Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario?

- a) As resolucións do reitor ou reitora, do xerente e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro Universitario.
- b) As resolucións do reitor ou reitora e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro Universitario.
- c) As resolucións do reitor ou reitora, do xerente, dos decanos ou decanas e os acordos do Consello Social, do Consello de Goberno e do Claustro Universitario.

15. Que tipo de recurso administrativo podería interpor L.T. fronte á resolución reitoral denegatoria da súa solicitude?

- a) Recurso potestativo de reposición.
- b) Recurso de alzada.
- c) Recurso contencioso-administrativo.

## PREGUNTAS DE RESERVA

16. A A.A. gustaría lle participar nalgún órgano da universidade. Cal é o máximo órgano de representación e participación da comunidade universitaria?

- a) O Consello de Goberno.
- b) O Consello Social.
- c) O Claustro Universitario.

17. Na USC e de acordo co disposto no artigo 5.3 do Real Decreto 22/2015, de 23 de xaneiro, polo que se establecen os requisitos de expedición do Suplemento Europeo, este poderase expedir:

- a) En lingua castelá, inglesa e galega.
- b) Exclusivamente en lingua castelá e galega.
- c) Exclusivamente en lingua galega.

18. O Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización dos ensinos universitarios e do procedemento de aseguramento da súa calidade, establece que os títulos de máster universitario contarán con:

- a) 60, 90 ou 110 créditos ECTS.
- b) 60, 90 ou 120 créditos ECTS.
- c) 50, 90 ou 120 créditos ECTS.